***Id*** 1 ***Nome do Xogo***

**O xogo do aro**

***¿Onde se xogaba?***
En moitos lugares

***Número de participantes***
Os que se queiran

***Espacio de xogo***
Ó xogo xogábase nun espazo amplo.

***Material***
Un pau e un aro.

***Descripción do Xogo***
O xogo consiste en: co pao ir manexando o aro e levalo por todos os sitios. Gaña quen máis tempo estivo dirixindo o aro e perde o xogador ó cal se lle caeu antes o aro.



***Id*** 2 ***Nome do Xogo***

**As caixas de cerillas**

***¿Onde se xogaba?***
En moitos lugares

***Número de participantes***
Máis de dous

***Espacio de xogo***
Nun espazo amplo onde haxa unha parede.

***Material***
Os materiais empregados no xogo eran unhas caixas de cerillas e xogábase con materiais reciclados.

***Descripción do Xogo***
Vanse tirando caixas de cerillas coa intención de que queden pegadas na parede. Si a caixa cae sobre outras, o que había tirado esta última caixa ganaba as caixas tiradas. Gañaba o que máis caixas t

***Id*** 3

***Nome do Xogo***

**Xogo da soga**

***¿Onde se xogaba?***
En calquera lugar

***Número de participantes***
2 equipos de 8

***Espacio de xogo***
Nun terreo de terra.

***Material***
Unha corda

***Descripción do Xogo***
Fanse dous equipos de 8. 8 tiran dun lado e os outros oito tiran do outro lado. Faise unha liña no medio e o equipo que a pise perde.



***Id*** 4

***Nome do Xogo***

**A comba**

***¿Onde se xogaba?***
En calquera sitio

***Número de participantes***
1 ou varios

***Espacio de xogo***
En calquera terreo.

***Material***
Unha corda

***Descripción do Xogo***
Cóllese cada extremo da corda cunha man e fala xirar por enriba da túa cabeza, ó mesmo tempo que vas saltando para que che pase por debaixo dos pes.

*Id* 5 *Nome do Xogo*

**As catro esquinas**

*¿Onde se xogaba?* No campo

*Número de participantes* 5

*Espacio de xogo*

Rectángulo con marcas para cada esquina.

*Material*

Non se precisa material.

*Descripción do Xogo*

Bótase a sortes para ver cal dos cinco xogadores se sitúa no centro. Mentres o demáis ocupan cada un súa esquina. Cando se escoite o sinal, todos teñen que cambiar de colocación, procurando que o que quedou no centro non consiga ocupar ningunha das catro esquinas. Ningún xogador pode volver a ocupar a súa marca inicial.



*Id* 6 *Nome do Xogo*

**O pano 1**

*¿Onde se xogaba?* No campo

*Número de participantes* 11

*Espacio de xogo*

O espazo daba igual, sempre que fose un lugar grande.

*Material*

Só un pano.

*Descripción do Xogo*

Un xogador queda suxeitando o pano mentres os outros vanse numerando e facendo dous equipos. En cada equipo ten que haber os mesmos números. Cando o que suxeita o pano nome un número en concreto, os xogadores de ambos equipos que leven este número teñen que ir a polo pano, collelo e logo fuxir sen que o xogador do outro equipo o colla e sen perder o pano.

***Id*** 7 ***Nome do Xogo***

**A navalliña**

***¿Onde se xogaba?***
En Éntoma

***Número de participantes***
Máis de un

***Espacio de xogo***
O patio do colexio de Éntoma.

***Material***
Calquera obxeto pequeno.

***Descripción do Xogo***
Xuntábanse varios amigos, dous deles quedaban de pe e os demáis agachábanse; un dos que quedaba de pe escondía o obxeto nalgún dos que permanecían agachados, e o outro tiña que adiviñar cal dos que estaban agachados posuía o obxeto, mentres o demáis gritaban quen o ten.

***Páxina 7 de 77***

***Id*** 8 ***Nome do Xogo***

**O palmo**

***¿Onde se xogaba?***
En Éntoma

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Na plaza da porta de Neira.

***Material***
Con caixas de cerillas.

***Descripción do Xogo***
Había que tirar os anacos da caixa de cerillas ós montóns e se un anaco caía por riba doutro anaco gañaba.

***Páxina 8 de 77***

***Id*** 9 ***Nome do Xogo***

**A peonza**

***¿Onde se xogaba?***
Na plaza

***Número de participantes***
De 5 a 6

***Espacio de xogo***
Circunferencia dun metro de diámetro.

***Material***
Unha corda e unha peonza.

***Descripción do Xogo***
Tírase a peonza na circunferencia, e o que quedase dentro deixaba a peonza alí e os outros intentaban rachala.

***PÁXINA 9 de 77***

***Id*** 10 ***Nome do Xogo***

**Piollo**

***¿Onde se xogaba?***
Na rúa.

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Plano e recto.

***Material***
Unha pelota de tenis.

***Descripción do Xogo***
Os xogadores pásanse a pelota 10 veces sen que caia e sen que a colla o equipo contrario. Cando xa se teña pasado este número de veces, téñense que eliminar (queimar) ós outros e súmase un punto.

***PÁXINA 10 de 77***

***Id*** 11

***Nome do Xogo***

**A billarda 1**

***¿Onde se xogaba?***
En Galicia

***Número de participantes***
5 ou 8

***Espacio de xogo***
Nun lugar chan.

***Material***

Dous paus de madeira.

***Descripción do Xogo***
Colócase un pau pequeno apoiado nunha pedra para que faga palanca e con outro pau grande pégaselle nunha esquina. Cando sobe por riba vólveselle a dar e o que máis lexos o consiga lanzar gaña.

**PÁXINA *11 de 77***

***Id*** 12

***Nome do Xogo***

**O bote**

***¿Onde se xogaba?***
En Galicia

***Número de participantes***
Dende 5 a 10

***Espacio de xogo***
Nunha praza cha.

***Material***

Un bote ou unha lata.

***Descripción do Xogo***
Uns nenos danlle unha patada a un bote e outro vai por el, mentres éstes escóndense. Despois él vai a buscalos; se os encontra din por Xoan, e vai xunto da lata ou do bote. Se calquer outro xogador lle dese unha patada á lata salvaría ós que están pillados.

**PÁXINA *12 de 77***

***Id*** 13 ***Nome do Xogo***

**A comba**

***¿Onde se xogaba?***
San Pedro do Bolo

***Número de participantes***
Dende 3 en adiante

***Espacio de xogo***
Un terreo chairo sen obstáculos.

***Material***
Unha corda.

***Descripción do Xogo***
Dúas persoas danlle á corda, cada unha delas dende cada extremo da mesma, e unha terceira persoa ten que saltar a corda sen tocala; se a toca e se cae, entraría outra persoa a saltar, e así ata ver cánto aguantan.

**PÁXINA** ***13 de 77***

***Id*** 14 ***Nome do Xogo***

**A billarda 2**

***¿Onde se xogaba?***
San Vicente de Leiro

***Número de participantes***
Dende 2 en adiante

***Espacio de xogo***
Ten que ser un espazo aberto amplo e que non teña obstáculos.

***Material***
Un palán, a billarda e algún obxeto onde suxeitalo no chan.

***Descripción do Xogo***
Colócase a billarda no chan, suxeitándoa con algún obxeto de tal xeito que quede un pouco inclinada.
Collemos un palán e dámoslle na punta da billarda, gañando quen a consiga lanzar máis lonxe.

**PÁXINA** ***14 de 77***

***Id*** 15 ***Nome do Xogo***

**Ovo, pico, araña**

***¿Onde se xogaba?***
En todos os sitios máis

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Nun espazo amplo.

***Material***
Ningún tipo de material.

***Descripción do Xogo***
Despois de repartirse, un xogador colócase pegado a unha parede coas pernas abertas; outro compañeiro agacha a cabeza e métea debaixo das pernas do primeiro. Os restantes compañeiros dese equipo van facendo o mesmo. Logo os xogadores do outro equipo irán saltando ata colocarse por riba dos primeiros, e se caen perden.

**PÁXINA 15 de 77**

***Id*** 16 ***Nome do Xogo***

**As chapas 1**

***¿Onde se xogaba?***
En calquer terreo

***Número de participantes***
De 4 a 8

***Espacio de xogo***
Un terreo amplo para xogar.

***Material***
Chapas (tapóns de refrescos, etc).

***Descripción do Xogo***
Cada un dos xogadores só pode lanzar as chapas tres veces seguidas; se a chapa cae nas prazas ou áreas de xogo castígase 3 veces sen lanzar. Se ó lanzar a chapa cae na morte, volves ó inicio.

**PÁXINA 16 de 77**

***Id*** 17 ***Nome do Xogo***

**A mariola 1**

***¿Onde se xogaba?***
No Real.

***Número de participantes***
Dende 2 en adiante.

***Espacio de xogo***
Un terreo con dimensións de 2 metros de longo por 2 metros de ancho.

***Material***
Unha pedra.

***Descripción do Xogo***
Os xogadore colócanse en fila uns detrás dos outros. Cada xogador tira a pedra e vai avanzando casillas.

PÁXINA 17 de 77

***Id*** 18 ***Nome do Xogo***

**As chapas 2**

***¿Onde se xogaba?***
Na rúa.

***Número de participantes***
De 2 a 10

***Espacio de xogo***
Na cuneta, diante da porta da casa, etc.

***Material***
Chapas, cáscaras de mandarinas e pegamento.

***Descripción do Xogo***
Os xogadores colócanse uns detrás dos outros. Cada xogador tira tres veces. Ö xogador quel lle toque tirar collerá a chapa cos dedos índice e pugar e lanzará a chapa. O xogador que consiga chegar á meta gaña.

PÁXINA 18 de 77

***Id*** 19 ***Nome do Xogo***

**A mariola 2**

***¿Onde se xogaba?***
En Galicia e en toda

***Número de participantes***
Todos os que se quixesen

***Espacio de xogo***
Un terreo liso e fértil no que se poida saltar. O chan é preferible que sexa de cemento ou dalgún outro material no que se poida pintar nel

***Material***
Unha pedra redondeada, un xiz para facer o debuxo da mariola no chan. (Para redondear a pedra tiñan que afiala).

***Descripción do Xogo***
Primeiro pintamos co xiz o debuxo da mariola; unha vez feito isto xa se pode xogar. Os xogadores póñense en fila uns detrás dos outros; o primeiro tira a pedra redondeada dentro da mariola, según no número e o recadro no que caia a pedra o xogador terá que ir saltando ata ese recadro, pero sen saltar no recadro no que caeu a pedra. Esquivará éste recadro saltando ó seguinte, e logo seguirá saltando ata chegar ó final da mariola, dando a volta ó chegar a dito final. Rematado isto cederá a pedra ó outro xogador para que siga xogando. Os saltos dentro da mariola faránse á pata coxa.

***PÁXINA 19 de 77***

***Id*** 20 ***Nome do Xogo***

**Os cartóns**

***¿Onde se xogaba?***
No pobo da miña nai,

***Número de participantes***
Todos os que se desexe

***Espacio de xogo***
Nun chan de terra.

***Material***
Caixas de mixtos e pedras.

***Descripción do Xogo***
Faise un semicírculo no chan e cada xogador coloca dentro un cartón de mixtos. Logo faise unha raia a uns 3 metros do semicírculo. Cada xogador tira unha pedra ata a raia dende o semicírculo para saber quen queda de primeiro. Dende a raia tírase a pedra arrastro ata os cartóns e si se saca algún do semicírculo cóllese e séguese xogando, pero se a pedra toca o semicírculo ou queda dentro pérdese o turno. Cando se acaban os cartóns hai que empezar de novo.

***PÁXINA 20 de 77***

***Id*** 21 ***Nome do Xogo***

**O paniño**

***¿Onde se xogaba?***
Na rúa.

***Número de participantes***
Sen límite

***Espacio de xogo***
Un terreo chan e con bastante espazo.

***Material***
Un pano.

***Descripción do Xogo***
Fórmanse dous grupos de xogadores, con números pares e impares. Outro xogador colócase no medio co pano na man. O do medio dirá un número que coincidirá co número de dúas persoas, unha de cada grupo; terán que coller o pano e levalo ó seu sitio sen que o atrape o contrario e sen que lle caia o pano da man. Se consigue regresar ó seu sitio co pano sen que o atrape o contrario gañará, e se o contrario o atrapa gañaría éste último, eliminando ó primeiro que collera o pano.

PÁXINA 21 de 77

***Id*** 22 ***Nome do Xogo***

**As chapas 3**

***¿Onde se xogaba?***
No exterior.

***Número de participantes***
De 2 a 6

***Espacio de xogo***
1,5 metros cuadrados.

***Material***
Unhas chapas e un xiz para debuxar o percorrido. O material é reciclabe.

***Descripción do Xogo***
Cun xiz debúxase o percorrido no chan; tírase a chapa e a casilla na que caia non se pode pisar. Empregando saltos vaise percorrendo o debuxo do chan, sen pisar na casilla na cal caeu a chapa. Ó chegar ó final do debuxo dase a volta ata o inicio, recollendo a chapa no percorrido de volta. Se se pisa na casilla na que caeu o chapa pérdese o turno; cando o xogador chega á meta gaña.

PÁXINA 22 de 77

***Id*** 23

***Nome do Xogo***

**As tabas**

***¿Onde se xogaba?***
No chan.

***Número de participantes***

***Espacio de xogo***
1 metro cadrado.

***Material***
Osos de cordeiro e unha canica. O material pode ser reciclado.

***Descripción do Xogo***
O xogo consiste en lanzar as tabas e a canica ó mesmo tempo, intentando xiralas todas de posición; se cae a canica ó chan o seguinte tería que volvelo a intentar.

PÁXINA 23 de 77

***Id*** 24

***Nome do Xogo***

**A queda**

***¿Onde se xogaba?***
En todo o mundo.

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Nun espazo amplo dunha pradeira.

***Material***
Non fai falla ningún material.

***Descripción do Xogo***
Un xogador intenta pillar ós outros que escapan del.

PÁXINA 24 de 77

***Id*** 25

***Nome do Xogo***

**A billarda 3**

***¿Onde se xogaba?***

En todos os sitios.

***Número de participantes***

Os que se desexe

***Espacio de xogo***

Un espazo amplo.

***Material***

Un pau pequeno e afiado polos dous lados, un segundo pao máis grande.

***Descripción do Xogo***

Consiste en lanzar a billarda e dándolle co pau máis grande. O que máis lonxe a consiga lanzar gaña.

*PÁXINA 25 de 77*

***Id*** 26

***Nome do Xogo***

**As porterías**

***¿Onde se xogaba?***

Nun terreo amplo .

***Número de participantes***

8 ou 16 en dous equipos

***Espacio de xogo***

Debúxanse dúas circunferenzas concéntricas de 1,5 metros e 4,5 metros de radio. A maior divídese en oito partes iguais.

***Material***

Un balón.

***Descripción do Xogo***

Colócanse dous equipos de catro ou oito xogadores nos círculos alternativamente, un dun equipo e outro do outro equipo ata acabar os xogadores. No centro sitúase a raia. O xogo consiste en pasar o balón co pe ó seguinte compañeiro do seu equipo. Se non recibe o balón dentro do círculo o seu equipo perde un tanto. O balón non pode cruzar o círculo interior, senón pérdese medio punto. Os pases deben ser rasos. Gaña o que máis puntos consiga.

*PÁXINA 26 de 77*

***Id*** 27

***Nome do Xogo***

**A billarda 4**

***¿Onde se xogaba?***
Xunqueira de

***Número de participantes***
Máximo 5

***Espacio de xogo***
Espazo chan, grande e con terra.

***Material***
Pau grande de madeira (palao), e un pau pequeno (billarda).

***Descripción do Xogo***
Consiste en golpear a billarda co palao e mandala o máis lonxe posible; gañará que consiga lanzala máis lonxe.

**PÁXINA** ***27 de 77***

***Id*** 28

***Nome do Xogo***

**Truco**

***¿Onde se xogaba?***
Xunqueira de

***Número de participantes***
Os que se desexe

***Espacio de xogo***
Espazo chan e grande, sen terra.

***Material***
Unh pedra e un xiz.

***Descripción do Xogo***
Consiste en tirar unha pedra; logo ir saltando as casillas sen poder pisar na casilla na que caeu a pedra; cando caia nunha casilla de rayuela (ou truco) hai que saltar ata o 10, dar a volta e recoller a pedra.

**PÁXINA** ***28 de 77***

***Id*** 29

***Nome do Xogo***

**As chaplas**

***¿Onde se xogaba?***
Galiza

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
En calquer sitio.

***Material***
Dúas moedas de cobre.

***Descripción do Xogo***
Bótanse dúas moedas de cobre ó aire, teñen que ir colocadas cara contra cara; ó caer, se saían caras as dúas gañaba o que as lanzara. Se saían as dúas cruzes gañaban os que apostaban, e cando saía unha cara e outra cruz volvíase tirar.

***PÁXINA 29 de 77***

***Id*** 30

***Nome do Xogo***

**As coias**

***¿Onde se xogaba?***
Galiza

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
En calquer sitio.

***Material***
Cinco pedras pequenas redondas do río.

***Descripción do Xogo***
Consiste en coller 5 pedriñas redondas e botalas ó aire dunha en unha, e antes de que caese ó chan a que estaba no aire hai que coller outra. Así sucesivamente ata lograr coller as cinco.

***PÁXINA 30 de 77***

***Id*** 31 ***Nome do Xogo***

**Pares ou nones**

***¿Onde se xogaba?***
Nos lugares onde se

***Número de participantes***
2

***Espacio de xogo***
Calquer lugar onde haxa dous amigos.

***Material***
As mans.

***Descripción do Xogo***
Xógase entre dúas persoas coa súa man máis áxil. Cóntase ata tres e un di pares e o outro nones. Logo mostran a man ó mesmo tempo e da suma das numeracións das dúas mans dará un importe total; se é par gañará o xogador que elixiu pares e se é impar gañará o que elixiu nones.

*PÁXINA 31 de 77*

***Id*** 32 ***Nome do Xogo***

**A carreira do saco**

***¿Onde se xogaba?***
Na praza do pobo.

***Número de participantes***
4 ou 5

***Espacio de xogo***
Espazo chan e polo menos con 200 metros cadrados.

***Material***
Un saco de esparto. Pode ser material reciclado.

***Descripción do Xogo***
Consiste en correr 25 metros cadrados dentro dun saco máis rápido que os demáis contrincantes.

*PÁXINA 32 de 77*

***Id*** 33

***Nome do Xogo***

**Aira ou tabla**

***¿Onde se xogaba?***
Xogábase en Galiza

***Número de participantes***
Entre 7 e 8

***Espacio de xogo***
Un espazo amplo como pode ser un campo, etc.

***Material***

Un pau afiado polas dúas puntas e un punto de apoio.

***Descripción do Xogo***
Cada xogador tiña o seu aira. Entón poñían unha pedra nunha das esquinas; na outra esquina dábaselle coa man e a pedra saía voando ata caer ó chan. O xogador que máis lonxe conseguise tirar era o que gañaba.

**PÁXINA *33 de 77***

***Id*** 34

***Nome do Xogo***

**A galiña cega**

***¿Onde se xogaba?***
En Galiza.

***Número de participantes***
Entre 4 e 7

***Espacio de xogo***
Un terreo chan e sen obstáculos.

***Material***

Unha venda para os ollos.

***Descripción do Xogo***
Un xogador fai de galiña cega vendándoselle os ollos e os demáis preguntan:   galiña, ¿qué se che perdeu?. A galiña responde: unha agulla e un dedal. Entón o resto de xogadores din: da tres voltas e o atoparás. Despois a galiña intenta tocar a algún dos outros xogadores, e cando consiga tocar a algún deles terá que adiviñar quen é.

**PÁXINA *34 de 77***

***Id*** 35

***Nome do Xogo***

**Os pitos**

***¿Onde se xogaba?***
Na Portela.

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Un espazo amplo.

***Material***
Pequenas pedras do río. Material reciclado.

***Descripción do Xogo***
Póñense as cinco pedras no chan; logo colles unha pedra e tírala ó aire e colles outra pedra que estaba no chan. Cando a haxas collido déixala a un lado, e colles dunha en unha todas as demáis pedras. Cando as logres coller inténta coller as cinco pedras á vez.



***Id*** 36

***Nome do Xogo***

**O carro, o remolque**

***¿Onde se xogaba?***
En Éntoma.

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Xógase nunha costa abaixo.

***Material***
Utilízanse caixas de pescado e unha corda resistente.

***Descripción do Xogo***
Átase unha corda á caixa, metendo ó teu compañeiro na caixa, facendo carreiros pola costa abaixo. Gañaba quen antes chegase abaixo, e os que perdían tiñan que levar ós gañadores na súa caixa.

***Id*** 37

***Nome do Xogo***

**Páxaro pinto**

***¿Onde se xogaba?***
En Robledo de Domiz.

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Unha aira chaira e ampla, pola noite.

***Material***
Non se precisa ningún material.

***Descripción do Xogo***
Consiste en agarrarse da man e cantar: "con o pico picaba a rama e na rama picaba a flor. ¿Ai cándo ven meu amor! ¡Ai cando o verei eu!".

***PÁXINA 37 de 77***

***Id*** 38

***Nome do Xogo***

**O xogo da oca**

***¿Onde se xogaba?***
No Barco de

***Número de participantes***
Ilimitado

***Espacio de xogo***
Un espazo amplo.

***Material***
As mans.

***Descripción do Xogo***
Colócanse os xogadores nun corro coas palmas enrriba, unha palma enriba da outra. Unha vez colocados cántase a seguinte canción: " Ao xogo da oca do cuá cuá cuá levanta a á e esconde que te esconde o pre-mi-o". O xogador ó cal lle toquen a man no momento de rematar a canción perdía.

***PÁXINA 38 de 77***

***Id*** 39 ***Nome do Xogo***

**O xogo do churro**

***¿Onde se xogaba?***
No Barco de

***Número de participantes***
Ilimitado, pero impares

***Espacio de xogo***
Un espazo amplo que teña polo menos unha parede.

***Material***
O propio corpo.

***Descripción do Xogo***
Fanse dous equipos e un neno/a chamado nai fai de xuiz. Éste colócase ó pe e de espaldas contra unha parede. Un dos dous equipos colócase en forma de potro, o primeiro coa cabeza entre as pernas da nai e o resto de compañeiros do grupo coa cabeza entre as pernas de cada compañeiro. O outro equipo salta encima deles con moita forza coa intención de derrivalos. Ó derrivado elimínase, pero o xogo continúa. Se non caía ningún o que tiña a cabeza entre as pernas da nai tiña que adiviñar qué parte do brazo sinalaba a nai: churro (man) , mediamanga (metade do brazo), manga enteira (ombro). Se acertaba pasaban eles a saltar.



***Id*** 40 ***Nome do Xogo***

**A billarda 5**

***¿Onde se xogaba?***
En Casaio.

***Número de participantes***
2 ou por parellas

***Espacio de xogo***
Na rúa onde non houbese xente, cristáis, etc.

***Material***
Dous paus, un deles máis grande que o outro. O pequeno con puntas nos dous extremos.

***Descripción do Xogo***
Faise un círculo e dende o medio do círculo ponse o pau pequeno que é a billarda. Co pau máis longo inténtase golpear na punta da billarda e lánzase o máis lonxe que se poida. Se non lle acertas e a billarda queda cerca do círculo mídese co pau grande a se lle chegas á billarda segues tirando. Se non lle chegas, perdes o turno. Se acertas o contrario ten que tirar a billarda ó pau que queda recto no círculo. Se non acertas tes que darlle tres veces e ó acabar pides puntos.

***Id*** 41

***Nome do Xogo***

**Os cascabeis**

***¿Onde se xogaba?***

En Casaio.

***Número de participantes***

2 ou por parellas

***Espacio de xogo***

Nun descampado de terra.

***Material***

Cascabeis ou chapas das botellas e lousas da canteira cortadas en forma redondeada.

***Descripción do Xogo***

Faise un círculo grande onde se poñen os cascabeis que acordaban os participantes; a tres ou catro metros faise unha raia onde os xogadores coas lousas tiran a sacar os cascabeis do círculo. Os cascabeis que conseguise sacar cada xogador eran para él.

PÁXINA 41 de 77

***Id*** 42

***Nome do Xogo***

**Os bolos**

***¿Onde se xogaba?***

Nunha chaira, nun

***Número de participantes***

Individual ou por parellas

***Espacio de xogo***

Un campo aberto con lonxitude de 30 metros.

***Material***

Bolos: máximo 9, mínimo 3. E a bola (varias). Todo de madeira (autoconstruído: rebolo, castiñeiro, etc.).

***Descripción do Xogo***

Individual: consise en colocar un bolo sobre unha plataforma plana (pode ser unha pedra) lixeiramente inclinada de maneira que coa bola intenta golpearse o bolo e lanzalo o máis lonxe posible. En grupo: dous equipos de dous ou dous equipos de tres, colócanse mínimo 3 bolos, 6 ou 9 como máximo, previo acordo entre os equipos.

Cada xogador ten que derribar todos os bolos lanzandos máis alá das liñas de 18 metros e 20 metros que se marcaron no chan, obtendo así puntuación o número de bolos que os sobrepasan. É preciso que a bola tamén pase a primeira liña. Gaña o equipo que procura 50 puntos.

PÁXINA 42 de 77

*Id* 43 *Nome do Xogo*

**A billarda 6**

*¿Onde se xogaba?*
Na rúa.

*Número de participantes*
2

*Espacio de xogo*
Un espazo o máis despexado posible.

*Material*
Billarda: autoconstrúese a partir de un anaco de madeira cilíndrica con palmo de longa afiada por ambos extremos. Palón: mesmo material ca billarda

*Descripción do Xogo*
Debúxase un corro no chan de 1 metro de diámetro; colócase a billarda dentro e co palón bátese nunha das puntas da billarda para que ésta se eleve e se poda volver a bater tentando enviala o máis lonxe posible. O rival ten que intentar bater no palón que se sitúa dentro do corro no chan dende o lugar onde foi a parar a billarda. A distancia do corro á billarda mídese co mesmo palón. Gaña o que chegue antes a 500 metros ("palones").

PÁXINA 43 de 77

*Id* 44 *Nome do Xogo*

**Os xeixos**

*¿Onde se xogaba?*
En varios lugares.

*Número de participantes*
2 ou 4

*Espacio de xogo*
Nun espazo de pequenas dimensións en forma cadrada ou redonda.

*Material*
Pedras pequenas.

*Descripción do Xogo*
Hai que coller doce pedras brancas pequenas do tamaño dunha uña na man. Despois procúrase lanzalas hacia arriba e que queden a maioría delas no reverso da man. Logo as que quedaron no reverso da man hai que botalas hacia arriba e que queden na palma da man. Se cae algunha pérdese, e ese non cae ningunha séguese xoganso. As que caeron no chan antes de dar a volta co reverso da man cóllense lanzando hacia arriba unha mentres se colle outra do chan e hai que coller as dúas na man xuntas.

PÁXINA 44 de 77

***Id*** 45 ***Nome do Xogo***

**A billarda 7**

***¿Onde se xogaba?*** Nos recreos do colexio.

***Número de participantes*** Os que se desexe

***Espacio de xogo***

Un terreo bastante longo.

***Material***

Paus de madeira.

***Descripción do Xogo***

Cóllense tres paus, un longo e os outros dous pequenos, un destes últimos afiado polos dous extremos. Ponse un pau dos pequenos de base e o afiado por enriba; logo co pau longo golpéase o afiado e éste ten que ir o máis lonxe posible. Despois un participante ten que ir buscalo. Cando o encontre collerao e dará tres zancadas longas debendo procurar darlle co pau afiado, que é a billarda, ó pau base. Se non lle da gaña o que tirou máis lonxe a billarda.

PÁXINA 45 de 77

***Id*** 46 ***Nome do Xogo***

**A billarda 8**

***¿Onde se xogaba?*** Xogábase nos

***Número de participantes*** Ilimitado

***Espacio de xogo***

Xogábase nunha aira chá.

***Material***

Un palé: pau de máis ou menos 1 metro. A billarda: pau un pouco máis pequeno e afiado polos dous extremos.

***Descripción do Xogo***

Debuxábase un círculo no chan, poñíase a billarda no centro do círculo, e logo había que golpeala co palén no extremo afiado da billarda; ésta elevábase e nese momento había que intentar golpeala de novo para que fose o máis lonxe posible. O teu contrario estaba preparado para collerche a billarda no aire; se a collía, o xogador inicial perdía. E se non a collía, dende onde caera a billarda este rival tiña que intentar darlle co palé, que estaba situado no medio do círculo. Se lle daba perdías (perdía o tirador do palé) e empezaba o outro xogador. Se Se non lle daba o tirador do palé tiña que darlle á billarda tres veces e intentar enviala o máis lonxe posible do círculo. Cando acababa de darlle as tres veces tiña que dicir cantos palés (de lonxitude) había dende a billarda ó círculo. Se os outros xogadores o aceptaban sumaban esa lonxitude ó marcador do tirador. E así ata chegar ós puntos de lonxitude que habían acordado. O que antes chegaba gañaba.

*Id* 47

*Nome do Xogo*

**Espicho**

*¿Onde se xogaba?*
Xogaban nos prados.

*Número de participantes*
Ilimitado

*Espacio de xogo*
Valía calquer prado.

*Material*
Un pau afiado polos extremos.

*Descripción do Xogo*
Facíase un círculo no chan. Cada un tiraba o seu pau cara atrás; o que o clavaba dentro do círculo o espicho era o que gañaba. Se había máis de un que o clavba dentro do círculo, gañaba o que de máis lonxitude o conseguise clavar dentro do círculo.

PÁXINA 47 de 77

*Id* 48

*Nome do Xogo*

**A billarda 9**

*¿Onde se xogaba?*
Nunha aira.

*Número de participantes*
2 ou 3

*Espacio de xogo*
Un espazo de 7 ou 8 metros para poder ter sitio para xogar.

*Material*
Uns paus e terra.

*Descripción do Xogo*
Un xogador tira o pau pequeno ó outro xogador, e éste xogador golpéao cun pau grande que ten na man; mentres vai a buscalo, o outro xogador fúrgalle xunto do buraco que ten xunto ós pes. Unha vez terminado o tempo, o que teña o burato máis grande é o que perde.

PÁXINA 48 de 77

***Id*** 49 ***Nome do Xogo***

**As tabas**

***¿Onde se xogaba?*** ***Número de participantes*** indeterminado

***Espacio de xogo*** na rúa ***Material***

Utilizan determinados ósos secos de animais (dunha articulación). Del óso distinguimos algunhas partes ás que lles damos nomes: ao oco vino;a o bandullo,

***Descripción do Xogo***

Iníciase o xogo lanzando a taba ao aire; un xogador vai detrás doutro ata que a algún lle toque ser rei ou verdugo. Estes exercen unha función ata que a outro xogador, ao lanzar a taba, lles saia nunha destas posicións. Os xogadores van tirando a taba ao aire un detrás doutro, procurando que non che toque "pan".

NORMAS: - Se se salgue en posición "viño" non pasa nada.
- Se cae "pan" o rei impón un castigo, que realiza o verdugo.
- Se sae en posición "rei" este terá que ser substituído no xogo.
- Se sae "verdugo" igualmente pásase a desempeñar esta función a partir dese momento.
- Se sendo rei ou verdugo, "caen" novamente nesa posición acumularán os "anos de mandato".
- Se a posición de caída é "morcillo" acumúlanse as funcións de rei ou verdugo.

CURIOSIDADES:

Antes de empezar a xogar precisábanse os castigos para aqueles que se retiraban antes de tempo salvo que tivesen unha razón comprensible e xustificada.

***PÁXINA 49 de 77***

***Id*** 50 ***Nome do Xogo***

**Sangue ou guerra**

***¿Onde se xogaba?*** ***Número de participantes*** Ilimitado

***Espacio de xogo :***na rúa, espazo marcado ***Material*** unha pelota ***Descripción do Xogo***

